



RESOLUCIÓN CONXUNTA DA XERENCIA E DA VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E INFRAESTRUTURAS¹ POLA QUE SE DITA A INSTRUCIÓN PARA A TRAMITACIÓN ANTICIPADA DA INCORPORACIÓN AO PRÓXIMO EXERCICIO DE CRÉDITO PARA OS EXPEDIENTES DE GASTO DE CONTRATOS LABORAIS CON CARGO AO CAPÍTULO VI, CON FINANCIAMENTO ALLEO (XERADO NO EXERCICIO CORRENTE PERO COA POSIBILIDADE DE EXECUTAR O GASTO NO EXERCICIO SEGUINTE)

A Universidade da Coruña como entidade beneficiaria de axudas procedentes das distintas administracións públicas españolas e da Unión Europea debe articular procedementos administrativos que garantan a correcta e eficiente execución destes fondos.

Co fin de que os procesos de contratación de persoal financiado con cargo ao capítulo VI de proxectos, convenios e programas non resulte afectado polas incidencias derivadas das operacións de peche e apertura do exercicio económico establécense unhas normas específicas que se aplicarán aos expedientes de contratación indicados financiados con fondos incorporables, alleos a UDC.

As operacións de peche e apertura do exercicio orzamentario afectaba a continuidade dos expedientes de contratación de persoal financiado con cargo a créditos incorporados. A tramitación destes contratos estaba supeditada polas operacións de inicio de exercicio e tramitación das incorporacións de créditos que financiaban estes contratos. Co fin de posibilitar a continuidade da tramitación destes expedientes de contratación,

RESÓLVESE:

1º.- O Servizo de Investigación coa conformidade da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia solicitará á Xerencia e a Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas a tramitación anticipada da Incorporación de crédito (en adiante expediente) dos documentos contables formulados ao amparo da *Instrución de 15 de decembro de 2009 que regula a tramitación de expedientes de contratación de persoal, con financiamento alleo xerado no exercicio corrente pero coa posibilidade de executar o gasto no exercicio seguinte*, facendo constar que coa incorporación de crédito ao exercicio seguinte, poderá continuarse co financiamento dos contratos laborais que correspondan. A contía solicitada deberá estar formalizada acadando a fase D no exercicio dende o que se incorpora².

2º.- O expediente autorizarase pola Xerencia e a Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas.

¹ Resolución ditada a amparo do disposto no último parágrafo do apartado de Tramitación Xeral, do documento Complementario I: das Instrucións para Regular a Incorporación de Créditos do Orzamento de Gastos de 2013 ao Orzamento de Gastos do Exercicio Económico de 2014

² Achegaranse copia dos documento contables fiscalizados



3º.- Unha vez tomada razón do expediente no Servizo de Xestión Financeira, procederase a súa fiscalización polo Servizo de Intervención, que o devolverá ao Servizo de Investigación.

Este procedemento de tramitación anticipada non supón en ningún caso a incorporación efectiva ao exercicio correspondente, que se fará inmediatamente unha vez aberto o orzamento e conforme cos prazos que se establezan. No expediente de incorporación xuntarase, como xustificante, á solicitude e toda a documentación de tramitación anticipada, que deberá contar de forma inescusable coa "toma de razón" do Servizo de Xestión Financeira e a fiscalización do expediente anticipado efectuada polo Servizo de Intervención.³

Esta Resolución será aplicable aos expedientes de gasto da mesma natureza, que sexan tramitados polo Servizo de Persoal de Administración e Servizos, sendo necesario que a autorización prevista no punto 1º sexa do órgano competente. Así mesmo e tal como se dispón no punto 3º serán devoltos ao Servizo de Persoal de Administración e Servizos, unha vez fiscalizados.

A Coruña, 18 de novembro de 2013

O xerente

Juan M. Díaz Villoslada

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas

Amalia Blanco Louro

³ A incorporación efectuarase nos primeiros días do exercicio, tendo en conta o disposto no punto correspondente a Créditos de persoal, do Capítulo VI, do apartado C) do Documento Complementario I "Instrucións para Regular a Incorporación de Créditos do Orzamento de Gastos de 2013 ao Orzamento de Gasto do Exercicio Económico de 2014", das Bases de Execución do Orzamento de 2013.



SOLICITUDE DE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE INCORPORACIÓN AO PRÓXIMO EXERCICIO DE CRÉDITO COMPROMETIDO CO FIN DE DAR CONTINUIDADE AOS EXPEDIENTES DE GASTO DE CONTRATOS LABORAIS CON CARGO A CRÉDITOS DO CAPÍTULO VI.

Co fin do financiamento para o exercicio de: ____ do contrato laboral de D. _____, solicítase:

A tramitación anticipada da incorporación do crédito da aplicación orzamentaria _____ ao exercicio de ____, por un importe de _____ €.

Certifícase / Fago Constar que:

- A contía solicitada acadou a fase D, no exercicio vixente, e foi tramitada ao amparo da Instrución de 15 de decembro de 2009 pola que se regula a tramitación de expedientes de contratación de persoal, con financiamento alleo xerado no exercicio corrente pero coa posibilidade de executar o gasto no exercicio seguinte.
- Que os documentos contables que se relacionan a continuación e dos que se achega copia, foron confeccionados exclusivamente ao amparo da citada Instrución de 15 de decembro de 2009 para incorporar ao exercicio seguinte.

Nº Doc.	Interesado	Importe
Importe total a incorporar ao exercicio ____		

A Coruña, ____ de ____ de ____

A xefa do Servizo de Investigación

Vº. Bº

O vicerreitor de Investigación e Transferencia

SR. XERENTE

SRA. VICERREITORA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA E INFRAESTRUTURAS



Tendo en conta o disposto na Resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas pola que se dita a Instrución que permite a tramitación anticipada da incorporación ao próximo exercicio de crédito comprometido, en orde a dar continuidade aos expedientes de gasto de contratos laborais con cargo a créditos do capítulo VI, con financiamento alleo xerado no exercicio corrente pero coa posibilidade de executar o gasto no exercicio seguinte, e vista a solicitude de data ___/___/___ do Servizo de Investigación de tramitación anticipada incorporación de crédito ao exercicio de: ____, por importe de _____€ con cargo á aplicación orzamentaria _____

RESÓLVESE:

AUTORIZAR a tramitación anticipada da Incorporación de crédito do exercicio vixente ao exercicio seguinte, polo importe solicitado na aplicación orzamentaria proposta.

A Coruña, __ de _____ de __

O xerente

A vicerreitora de Planificación Económica
e Infraestruturas

ESPAZO PARA TOMA DE RAZÓN

Intervido e Conforme

Servizo de Xestión Financeira

SERVIZO DE INVESTIGACIÓN